



Desde a área de Desenvolvemento Local do Concello de Verín infórmase das seguintes prácticas en empresas (candidatos e empresas) xestionadas pola Fundación Universidade da Coruña e que están dirixidas a universitarios e a titulados de grao medio e superior:

- **PROGRAMA DE FORMACIÓN EMPRESARIAL ANUAL FUAC ESTUDANTES**
- **PROGRAMA DE FORMACIÓN EMPRESARIAL ANUAL FUAC TITULADOS**
- **PROGRAMA DE FORMACIÓN EMPRESARIAL ANUAL FUAC F.P.**

Empresas interesadas: Todas aquelas legalmente rexistradas no territorio nacional. Deben rexistrarse en www.fundacion.udc.es/emplea como tal e poderán convocar todas as ofertas de maneira gratuíta as ofertas de prácticas e de Emprego que estimen oportunas, detallando, en cada unha delas, o perfil solicitado e as condicións do programa que ofrecen. Se pola contra a

empresa non necesita buscar ao candidato porque xa ten ao idóneo, terá que indicarlle que debe inscribirse no portal de emprego da FUAC www.fundacion.udc.es/emplea e rexistrarse como candidato.

Candidatos interesados: deben completar o seu rexistro en www.fundacion.udc.es/emplea e subir dixitalmente a documentación solicitada.

Os candidatos poden ser de calquera Universidade ou Centro de F.P. español pero deben ser nados ou residir actualmente en Galicia

A Fundación Universidade da Coruña (FUAC) é unha organización privada non lucrativa, que impulsa cursos, másteres, prácticas en empresas, autoemprego e outros proxectos de carácter benéfico-docente, para a promoción, desenvolvemento e financiamento das actividades propias da Universidade da Coruña e as súas relacións coa Sociedade.

Descarga aquí os trípticos informativos para [estudantes](#) e [empresas](#)

Máis información www.fundacion.udc.es